

CONVOCATORIA DAS MOBILIDADES DO CONSORCIO GALEMUNDO ACREDITACIÓN ERASMUS+ NO SECTOR DE EDUCACIÓN ESCOLAR COORDINADO POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, CORRESPONDENTES AO IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS PARA O CURSO 2025-2026

O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas é socio do consorcio de mobilidade Galemundo Acreditación Erasmus+ no Sector de Educación Escolar coordinado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (CECUP). O consorcio desenvolverá actividades de mobilidade con fondos Erasmus+ a través dun proxecto acreditado durante o curso 2025-2026.


O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas está adherido a un conxunto común de Normas de Calidade Erasmus. As normas existen para garantir a todas as persoas participantes unha boa experiencia de mobilidade e resultados de aprendizaxe, e para asegurarse de que todas as organizacións que reciben financiamento están a contribuir aos obxectivos do programa. Estas normas foron publicadas pola Comisión Europea no documento [Normas de Calidade Erasmus](#) en abril de 2020.

1. Obxectivos do proxecto Erasmus+:

- Ampliar a internacionalización da CECUP e dos centros educativos públicos galegos, para facilitar o seu acceso a proxectos Erasmus+, garantindo a inclusión e a igualdade.
- Mellorar a competencia en comunicación lingüística e plurilingüe e a competencia en conciencia e expresións culturais da Unión Europea.
- Mellorar as competencias dixitais e STEM do alumnado e profesorado, fomentando o seu uso seguro, sostible, crítico e responsable.
- Contribuír á mellora da comprensión lectora do alumnado a través das bibliotecas dos centros educativos galegos.
- Coñecer a xestión das inspeccións educativas doutros países europeos no ámbito da atención á diversidade.

2. Características das mobilidades do IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas:

- As actividades para o IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas son 3 mobilidades Erasmus de curta duración para o alumnado, con destino a Francia dunha duración de 4 semanas, con carácter de intercambio recíproco cun centro educativo francés da Région Académique Hauts-De-France, concretamente, da Région d'Amiens.
- A mobilidade consiste na integración do alumnado participante nun centro educativo francés e estada en reciprocidade cunha familia francesa. Deste xeito, o aloxamento e manutención será responsabilidade da familia francesa de acollida e conleva a obriga de reciprocidade, acollendo e mantendo ao alumnado correspondente francés na familia de cada alumno/a participante.



Imaxe: <https://www.ac-amiens.fr/l-academie-121469>

- O alumnado seleccionado residirá en Francia durante 4 semanas, do 13 de setembro ao 12 de outubro de 2025. Pola súa parte, o alumnado francés correspondente residirá en Galicia durante 4 semanas, dende o 25 de outubro ata o 23 de novembro. As datas de comezo e fin poden variar dependendo da oferta de transporte.
- O número de mobilidades ofertadas polo noso centro é 3. O número definitivo poderá ampliarse en caso de que algún centro do consorcio renuncie a algunha das prazas que lle fosen ofertadas.
- As mobilidades están integramente subvencionadas polo proxecto Galemundo Acreditación Erasmus Escolar, que, polo tanto, cubre todos os aspectos relacionados coa viaxe e os seguros.
- O alumnado seleccionado estará acompañado por un/ha docente do IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas só durante as viaxes de ida e volta. Durante as catro semanas de estada en Francia vivirá en autonomía, na casa de acollida e cun profesor responsable no centro francés.
- Antes do inicio do intercambio, o alumnado participante e a súa familia asinarán un contrato de estudos, elaborado polo centro, no que se establecerá como vai traballar ese alumnado durante o mes da estada e como vai ser avaliado ese traballo á volta do intercambio.

3. Destinatarios/as das mobilidades:

- As mobilidades están dirixidas ao alumnado matriculado no IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas en 4º ESO durante o curso 2024-25, e que continuará os seus estudos neste mesmo centro en 1º de Bacharelato durante o curso 2025-26.
- O alumnado interesado en participar nestas mobilidades deberá ter a capacidade de comunicarse na lingua estranxeira vehicular das mesmas, é dicir, en francés. Asemade, deberá

posuír unha serie de aptitudes persoais, como autonomía, responsabilidade, solvencia nas relacións sociais e capacidade de autoxestión nun instituto e nun país estranxeiro.

- O alumnado seleccionado deberá dispoñer de Documento Nacional de Identidade en vigor e de Tarxeta sanitaria europea en vigor.
- O alumnado seleccionado asinará, a través dos seus titores ou representantes legais, un convenio de subvención. Ademais, terá que cubrir e achegar os documentos necesarios para a solicitude do intercambio, tal e como se indica no seguinte apartado.
- O alumnado seleccionado deberá respectar os compromisos e respecto as normas do programa indicados nos documentos necesarios para a solicitude do intercambio.
- Á súa volta o alumnado participante aportará e compartirá evidencias dos coñecementos e capacidades adquiridas co resto dos seus compañeiros/as de clase e outros grupos do mesmo nivel e colaborará na difusión do proxecto Erasmus+.

4. Procedemento e prazo de solicitude:

- O alumnado interesado en participar nunha das 3 mobilidades ofertadas deberá presentar na Secretaría do centro a seguinte documentación, convenientemente cuberta e asinada, cuxos modelos se atopan ao remate desta convocatoria:
 1. Solicitude de participación.
 2. Condicións de participación e obrigas.
 3. Declaración de datos de saúde.
 4. Autorización para a captación e difusión de imaxes para participantes no programa Erasmus+.
- Non será necesaria a entrega de ningunha documentación a maiores da recollida no punto anterior posto que toda a documentación de baremación obra en poder do centro educativo.
- O prazo para entregar a documentación de solicitude remata o día 28 de abril.
- Unha vez recibidas no centro todas as solicitudes de participación, o Comité de selección valorará e baremará cada unha das solicitudes de acordo cos criterios de selección que se recollen no seguinte apartado e o 5 de maio publicará no taboleiro do centro a listaxe provisional dos 3 alumnos/as seleccionados e dos/as 3 alumnos/as que quedan en reserva.
- No prazo de 3 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da resolución provisional, o alumnado e as súas familias poderán presentar na Secretaría do centro as reclamacións que consideren oportunas.
- Rematado o prazo de reclamación, o Comité de selección valorará as reclamacións presentadas e publicará no taboleiro do centro a listaxe definitiva do alumnado seleccionado e en reserva para participar nas mobilidades.
- O alumnado seleccionado e de reserva será comunicado polo centro á administración o 15 de maio.
- Unha vez seleccionado o alumnado participante, o emparellamento co alumnado francés será realizado pola administración en base á documentación presentada. O alumnado non se emparellará en función do perfil académico (modalidade de Bacharelato), pero poderá ir ás

clases das materias da súa modalidade, aínda que non sexan as que cursa o/a seu/súa correspondente francés.

5. Criterios de selección:

- O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas seleccionará ao alumnado participante nas condicións que se indican nesta convocatoria a través do nomeamento dun Comité de selección, formado por tres membros do centro: a coordinadora do Equipo Erasmus+ do centro, a profesora de francés de 4º ESO e unha persoa titora de 4º ESO.
- Para a selección do alumnado que finalmente participará nas mobilidades e do alumnado de reserva o Comité de selección aplicará os seguintes criterios:

CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO	
<p>1) Alumnado con menos oportunidades: obstáculos económicos, sociais e culturais durante este curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado beneficiario de bolsas de estudo (0,5). • Alumnado beneficiario de axudas para material escolar (0,5). • Alumnado de familias vítimas de violencia de xénero (2). • Alumnado de orixe estranxeira (1). <p>Esta información será proporcionada polo Departamento de Orientación do centro.</p>	<p>Ata 4 puntos</p>
<p>2) Competencia en comunicación lingüística na lingua estranxeira vehicular da mobilidade, francés:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cualificación de 9 ou 10 (3). - Cualificación de 7 ou 8 (2). - Cualificación de 5 ou 6 (1). - Cualificación igual ou inferior a 4 (0). <p>Cualificación da segunda avaliación na materia Segunda lingua estranxeira: Francés, segundo o expediente académico do curso actual, proporcionado pola Secretaría do centro.</p>	<p>Ata 3 puntos</p>
<p>3) Cursar a materia plurilingüe de Xeografía e Historia en francés:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cualificación de 9 ou 10 (3). - Cualificación de 7 ou 8 (2). - Cualificación de 5 ou 6 (1). - Cualificación igual ou inferior a 4 (0). <p>Cualificación da segunda avaliación na materia Xeografía e Historia en francés, segundo o expediente académico do curso actual, proporcionado pola Secretaría do centro.</p>	<p>Ata 3 puntos</p>

<p>4) Comportamento: 2.1) Ausencia de partes no presente curso escolar (2). 2.2) Ata 3 partes no presente curso escolar (1). 2.3) Máis de 3 partes no presente curso escolar (0).</p> <p>Expediente académico proporcionado pola Xefatura de Estudos do centro.</p>	<p>Ata 2 puntos</p>
<p>5) Valoración da madurez e capacidade de adaptación.</p> <p>Valoración do Comité de selección tras entrevista persoal co alumnado.</p>	<p>Ata 2 puntos</p>
<p>6) Non ter participado nos últimos 2 anos en mobilidades de proxectos Erasmus+.</p>	<p>1</p>
<p>7) Participación democrática no curso actual:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado membro da Xunta de Persoas Delegadas (0,5). • Membro do Consello Escolar (0,5). <p>Actas ou memorias dos órganos de participación correspondentes.</p>	<p>Ata 1 punto</p>

- En caso de empate, terá prioridade o alumnado que obtivese maior puntuación no primeiro epígrafe destes criterios de selección. Se continuase o empate, terá prioridade o alumnado que obtivese maior puntuación no epígrafe seguinte, e así sucesivamente.

6. Difusión:

- O proxecto "Galemundo Acreditación Erasmus Escolar está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva do IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son do uso que poida facerse da información aquí difundida.

- Toda a información relacionada con este proxecto será publicada na páxina web do centro, así como no taboleiro de anuncios do mesmo, e será comunicada ás persoas interesadas a través da aplicación Abalar.

En Perillo, a 10 de abril de 2025.